



CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Ext. 24 - Fax. 982 46 21 02 - urbanismo@concellodechantada.org

Urbanismo e Medio Ambiente

NOTA INFORMATIVA

RECOLLIDA DE PLASTICOS DE SILO

Por mor de estarse a elaborar un novo convenio entre o Concello de Chantada e entidades comerciais adicadas á recollida de plásticos de silo, procederase á recollida dos mesmos porta a porta, na explotación gandeira de que se trate.

*Os usuarios que interesen a recollida de plásticos de silo deberán de poñerse en contacto co teléfono **670052257** (Punto Limpo de Chantada), donde será anotada a solicitude e pasarase a recoller nos días seguintes, segundo a ruta que lle corresponda, e baixo os seguintes condicionados:*

1º.-Os plásticos deberán de estar depositados en dúas moreas por tipo (plásticos -cor branca ou negra- de embolar por un lado e plástico de silo fixo ou trinchera por outro) nun lugar de fácil acceso para o vehículo de recollida, sen atrancos que a entorpezan ou ralenticen e dentro da explotación. Non se poderán depositar en bens de uso ou dominio público, lembrando a prohibición de depositalo nos contenedores de lixo ou ao seu carón.

2º.-Só se recollerá plástico de silo, non podendo depositarse ningún outro tipo de residuo como rodas, garrafas de líquidos desinfectantes, plásticos para outros usos, cordóns, big-bags ou calquera derivado da propia actividade agrícola e gandeira que teña que ser procesado por outros xestores autorizados e por conta do interesado.

O ALCALDE,
Asdo. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez
DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



Cod. Validación: 9EYZJAGKTTLEEZQ2WKV7WL2SM | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1